



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Concurso Contos de medo!!! Camariñas 2020

Co desexo de fomentar a creación literaria e o gusto pola literatura de terror, convócase o concurso Contos de medo!.

BASES

Primeira.-

Poderán participar todas as persoas que cursen estudos de educación infantil, primaria e secundaria nalgún dos centros educativos do Concello de Camariñas ou residentes do Concello de Camariñas que cursen estudos nun centro educativo doutro concello.

Segunda.-

As obras serán individuais, en prosa ou en verso e de tema e extensión libres, coa excepción das persoas que cursen estudos en educación infantil que presentarán un traballo colectivo.

As obras serán orixinais, inéditas e escritas en lingua galega ou castelá.

Cada centro educativo presentará tres traballos por categoría.

A presentación farase en papel, tamaño DIN A4, coa letra Times New Roman ou similar e tamaño de letra 12. Establécese unha excepción para as obras das categorías A, B e C que poderán presentarse manuscritas, con letra lexible.

As obras irán encabezadas cun título e asinadas por un pseudónimo, acompañadas dun sobre pechado que conterá a ficha de inscrición. que se anexa a estas bases, cuberta. No exterior do sobre figurará a frase *“Concurso Contos de medo!!! Camariñas 2020*, o título, pseudónimo e categoría.

Terceira.-

Establécense uns premios que consisten en bonos para cambiar por calquera artigo nos establecementos do Concello de Camariñas e segundo as seguintes categorías:

- Categoría A
Mellor traballo colectivo Educación Infantil: bono de 80 euros.
- Categoría B
Mellor relato ou poema de terror 1º ciclo de Primaria : bono de 30 euros.
- Categoría C:
Mellor relato ou poema de terror 2º ciclo de Primaria : bono de 30 euros.
- Categoría D:
Mellor relato ou poema de terror 3º ciclo de Primaria : bono de 30 euros.
- Categoría E:
Mellor relato ou poema de terror 1º ciclo de Secundaria: bono de 80 €.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- Categoría F:
Mellor relato ou poema de terror 2º ciclo de Secundaria: bono de 80 €.

O xurado poderá propoñer os accésit que considere oportunos por categoría se a calidade dos traballos é merecedora deles. Estes accésit terán un valor económico inferior aos premios.

As categorías que non acaden un nivel mínimo de calidade poden quedar desertas.

Cuarta.-

O prazo de presentación de orixinais comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria na web oficial do Concello de Camariñas, www.camarinas.net e rematará o día 2 de novembro de 2020.

Quinta.-

O xurado estará composto por presidente e dúas/dous vogais elixidos entre o persoal docente dos centros educativos do concello. A secretaria será a Concelleira de Cultura do Concello de Camariñas, que actuará con voz pero sen voto.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión única, sendo necesaria a asistencia de todos os seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado elixirá os gañadores das distintas categorías en función da orixinalidade, redacción e presentación das obras.

O xurado non abrirá os sobres pechados que conteñen as fichas de inscrición.

O xurado presentará a súa proposta á alcaldesa do Concello de Camariñas, que é o órgano competente para conceder os premios, antes do 21 de novembro de 2020.

Os gañadores coñeceranse a través da web e rede sociais do Concello de Camariñas

Séptima.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

FICHA DE INSCRICIÓN CONTOS DE MEDO!!! CAMARIÑAS 2020

Título:

Pseudónimo:

Nome e apelidos:

Teléfono:

Categoría:

Curso:

Centro educativo:

Sinatura:

Manifesto coñecer e aceptar as bases que rexen o Concurso Contos de medo!!!
Camariñas 2020.

Lugar e data: